


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

24-25 de febreiro do 2024

## II CORESMA B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Nestes días imos preparándonos para a Pascua. Acompañados de Dona Coresma imos facendo este camiño no que descubrimos que hai cousas que sobran, hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida, e tamén hai cousas que remendar e facer mellor.

A experiencia que imos ter hoxe escoitando o Evanxeo vai ser a do consello de Deus noso Pai, facendo referencia a Xesús e dicíndonos: “Escoitádeo”.

Realmente cremos que o camiño é escoitar a Palabra de Xesús para pola en práctica?.

Realmente nos cremos que escoitar a Xesús implica complicarse a vida como el o fixo?.

De verdade, a palabra de Xesús lévanos a **IMPLICARSE DANDO UNHA MAN?**

A escoita de Xesús estanos levando a escoitar o berro da Humanidade ferida na súa esencia polo sinsentido da violencia, a guerra e a morte.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Agora pómonos nas mans do Pai, porque o seu corazón está cheo de agarimo, e co seu perdón axúdanos a erguernos e a seguir o noso camiño cara a Pascua. Deixémonos perdoar por Deus e perdoémonos uns a outros. Xuntos rezamos:*

*Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogedes por min a Deus, noso Pai.*

**Celebrante:** *Deus Pai ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que sofren e non atopan unha man nas súas vidas. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo pousando nas mans Deus a dor que sentimos con todas esas familias que o incendio en Valencia lles levou a vida por diante.*

*(Silenzio)*

**Celebrante:**

Deus, Noso Pai, ti convídasnos a escoitar ao teu Fillo benquerido. Alenta coa túa palabra a nosa fe e enche o noso corazón co teu espírito, para que un día poidamos desfrutar da contemplación da túa gloria, e para que implicándonos e dando unha man poñamos da nosa parte os esforzos de refacer a vida.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:**

*Un bo xeito de facer oración é empregando os textos da biblia. É o que agora imos facer.*

*Deus fálanos das súas cousas, e hoxe a lectura do apóstolo anímanos dicindo “Deus está con nós”, que máis se pode pedir?*

*No evanxeo seguimos a Xesús. Os seus pasos transfiguran a vida; os seus pasos levan a que subamos con alento e sen medo as dificultades que atopamos cada día; e os seus pasos levan a que baixemos á realidade da vida para chegar á Pascua. Escoitemos.*

## LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Se Deus está connosco, quen contra nós?. Aquel que non aforrou a seu propio Fillo senón que o entregou por todos nós, como non nos vai regalar todo xunto con El?

Quen acusará aos escolleitos de Deus? -Sendo Deus o que perdoa, quen os vai condenar? Cristo Xesús, o que morreu, mellor, o que resucitou, o que está á dereita de Deus e que intercede por nós?.

### Palabra do Señor

♪ n° 41 *Quen nos vai separar de Ti*

SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 64 Mc 9, 2-10 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, colleu Xesús a Pedro, Santiago e Xoán, e subiu con eles sos ao coto dun monte. Alí transfigurouse na súa presenza. Os seus vestidos viráronse resplandecentes, brancos coma ningún bataneiro do mundo os podería branquear. Nisto apareceron Elías e máis Moisés, e estaban a falar con Xesús.

Pedro, tomando a palabra, díxolle a Xesús:  
- ¡Mestre, que ben estamos aquí! Imos facer tres tendas: unha para ti, outra para Elías e a outra para Moisés.

Tan asustado estaba, que non sabía o que dicía. E unha nube cubriunos coa súa sombra, mentres saía dela unha voz:

- Este é o meu fillo benquerido, escoitádeo.

E de súpeto, mirando arredor, xa non viron a ninguén, fora de Xesús. Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles que non contasen nada ata que o Fillo do Home resucitase de entre os mortos.

Eles colleron ben o aviso; pero empezáronse a preguntar uns a outros o que queredía dicir aquilo de "cando resucite de entre os mortos".

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que nos propomos nesta segunda semana de Coresma con “dona coresma”?

Con ela seguimos descubriendo que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale.

A semana pasada arrincábase a perna da violencia e da tentación de cernos mellores que os demais. Tamén cosíamos o remendo da COMPRENSIÓN E A PAZ.

A Palavra de Deus dinos hoxe que El está con nós sempre e que escoitemos a Xesús. Os Apóstolos pensaban nun primeiro momento que o xeito mellor de estar cerca de Deus era nas alturas, no ceo, lonxe do mundo. Pero se escoitamos a Xesús (non sómentes oílo) darémonos conta que o lugar, o sitio e, sobre a actitude a tomar, é a de complicarse, a de dar vida a cada persoa que se cruza no noso camiño.

Hoxe arrincámoslle á nosa coresma esta perna. (Arrincamos a perna da 2ª coresma). É a perna das comodidades, de alonxarse do mundo, dos problemas dos demais, das dificultades que sofren, do “iso non é problema meu”.

Ao arrincar esta perna descubrimos un novo xeito de vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado na perna que lle arrincamos á nosa “dona coresma”, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo na saia da vella).



Temos arrincado algo que nos sobra: vivir afastados dos demais, e mellor irá a vida se a cosemos con IMPLICARSE DANDO UNHA MAN.

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante* Neste encontro parroquial querendo mellorar a vida co **IMPLICARSE DANDO UNHA MAN**, compartimos a fe. Dicimos:

♪ **SI CREEMOS**

*Monitor/a:*

Credes en Deus, no Deus que é Pai e Nai,  
que con misericordia nos acolle e nos perdoa?

**SI CREEMOS**

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,  
que nos convida a implicarnos e tender unha man?

**SI CREEMOS**

Credes no Espírito Santo,  
que nos alenta para camiñar cara a Pascua,  
sendo xentes de ben e de paz?

**SI CREEMOS**

Credes na Igrexa,  
a comunidade das mulleres e homes  
que queremos facer nosa a PASCUA de Xesús,  
doéndonos o nada que vale a vida  
nas terras de Palestina e Israel,  
e en tantos e tantos outros lugares?

**SI CREEMOS**



## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes das nosas comodidades, querendo remendar a vida, e confiándonos ás súas mans cheas de agarimo. Digamos*

**PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS**

**Monitor/a:**

- ✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por cada cristián, para que vivamos a coesma como tempo de **IMPLICARSE DANDO UNHA MAN**. Oremos
- ✓ Polas xentes de Palestina e Ucraia que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha guerra que nos escandaliza e que non podemos entender. Oremos
- ✓ Polas persoas que se esforzan por mellorar a vida compartindo e dando unha man, así dannos exemplo para nós facelo mellor implicándonos. Oremos
- ✓ Por todas as persoas e familias que en Valencia están pasando uns momentos tan amargos e duros por un incendio que lles levou por diante a vida. Oremos
- ✓ Por nós, que nestes días, da man de dona coesma queremos facelo mellor para chegar á Pascua. Oremos

**Celebrante:** *Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para arrincar o que está mal e así remendar para facelo mellor. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Imos agora rezar como Xesús nos aprendeu, sabéndonos, sentíndonos e vivindo na irmandade e no compromiso de **IMPLICARSE DANDO UNHA MAN**. Por iso, porque queremos facelo mellor, dicimos xuntos:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *A paz dá sentido a unha comunidade que sabe que Xesús está no medio dela, facéndoa acolledora con todos, mostrando implicación e mans tendidas. Deámonos e regalémonos un xesto de paz.*

### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Participar na celebración é implicarse e comprometer a vida en construír un mundo que no camiñar da coesma quere amar e facer ben aos demais.*

*Ditosos nós por facer camiño cara a Pascua compartindo coma comunidade este pan do Señor.*

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

**CANTO n° 41 Quen nos vai separar de Ti**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

###### *Celebrante:*

Señor, Noso Pai, seguros da túa bondade dámosche grazas porque ao compartir a vida do teu Fillo fasnos partícipes, xa aquí, dos bens eternos do teu Reino.

Dámosche as grazas a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

*Con Xesús queremos subir a montaña para achegarnos ao Deus que nos acolle e nos quere ben.*

*Con Xesús queremos sentir o acougo de quen se queda con nós, nos ensina e se fai irmán á nosa beira.*

*Con Xesús queremos abaixarnos, queremos achegarnos á vida auténtica porque non podemos fuxir da realidade dos refuxiados, da realidade da desigualdade e da violencia de xénero, da realidade da dor e da morte na que viven moitas persoas.*

*Queremos así arrincar as comodidades e o “iso non é problema meu”, e queremos tamén vivir co*  
**IMPLICARSE DANDO UNHA MAN.**

*Agora, cada quen levamos con nós o remendo de hoxe*

**IMPLICARSE DANDO UNHA MAN**

**(Repartimos o remendo para levalo para a casa)**

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
unha boa coresma,  
e que o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

*Rematamos a celebración de hoxe cantando  
Ide e pregoade a nova de Deus.  
Querendo facelo así de ben co noso remendo  
podémonos ir en paz*

**♪ n° 56 Ide e pregoade a nova de Deus**



**“Na vida arrincamos as comodidades  
e remendamos co  
IMPLICARSE DANDO UNHA MAN”**

*Facendo da Coresma camiño cara a Pascua con Cristo*